

ÍNDICE

Segundo a Resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29 de xullo) as programacións didácticas deberán conter os seguintes elementos:

Elementos da programación		Folla Nº
1.	Introdución e contexto do centro lr	2
2.	Contribución ás competencias básicas lr	6
3.	Concreción dos obxectivos para o curso lr	10
4.	Concreción para cada estándar lr	
	1º.- Secuenciación e Temporalización lr	12
	2º.- Grao de consecución da materia e procedementos e instrumentos de avaliación lr	24
5.	Concrecións metodolóxicas lr	44
6.	Materiais e recursos didácticos lr	46
7.	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción lr	47
8.	Indicadores de logro para avaliar o proc.ensino e práctica docente lr	54
9.	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes lr	61
10.	Procedemento acreditación coñecementos previos lr	61
11.	Avaliación inicial e medidas lr	61
12.	Medidas de atención á diversidade lr	62
13.	Concreción de elementos transversais lr	64
14.	Actividades complementarias e extraescolares lr	64
15.	Revisión, avaliación e modificación da programación lr	65

1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTO DO CENTRO [INDICE](#)

1.1- Características do centro.

a) Situación.

O I.E.S de Monterroso está situado no núcleo poboacional de Monterroso que limita ó norte cos concellos de Guntín e Palas de Rei; ó oeste con Palas de Rei e Antas de Ulla; ó este con Portomarín, Taboada e Guntín, e o sur con Taboada e Antas de Ulla.

A extensión do concello de Monterroso é de 114,6 Km² e sitúase no Suroeste da provincia de Lugo, practicamente no centro desta. É unha comarca eminentemente rural, aínda que cada vez faise máis apreciable o proceso de concentración urbán propio destes tempos.

O concello de Monterroso ten un total de 4529 habitantes. O núcleo urbán, con 1774 h, constitúe o 37,9% da poboación total, en comparación cos 22 núcleos rurais con menos de 100 h. que representan só o 31,1%. Nos últimos anos o concello sufriu unha perda de poboación debido ó envellecemento poboacional e a regresión do sector primario.

Desde o punto de vista socioeconómico o concello de Monterroso caracterízase polo elevado peso do sector primario, aínda que algunhas familias do núcleo urbán adícase ó sector servizos. Tamén hai pequenas industrias, que representan o 15% da actividade económica.

O Concello de Antas de Ulla, situado na provincia de Lugo a 45 kilómetros da capital provincial, ubícase no Centro Xeográfico de Galicia. Limita ó norte con Palas de Rei, ó sur con Taboada e a provincia de Pontevedra, no leste con Monterroso, e no oeste coa provincia de Pontevedra.

Situado na vertente norte da Serra do Farelo, a súa paisaxe, eminentemente marcada polo Monte Farelo (956 m) e o río Ulla, caracterízase por sinuosas montañas que rodean a conca do río, formando unha planicie de suave relevo cuberta por grandes extensións de árbores, sendo os máis característicos os carballos e castiñeiros.

Cunha superficie de 104 km² conta con 2600 h distribuídos en 28 parroquias que albergan uns 100 núcleos poboacionais.

A economía do municipio basease no sector primario, principalmente agricultura e gandería, que ocupa ó 60% da poboación activa. Compre subliñar a relevancia da gastronomía, con tres produtos que a lideran: o pan de Antas, o queixo da Ulloa e maila carne.

b) Centros adscritos.

A maior parte do alumnado que acude ao centro procede dos centros de primaria adscritos o noso IES, estes centros son:

- C.E.I.P. de Monterroso.
- C.E.I.P. de Antas de Ulla

Estas dúas poboacións están integradas dentro da comarca da Ulloa, marcada pola configuración natural do río Ulla, vértebra principal que inflúe na distribución territorial da poboación.

c) Ensinanzas que oferta.

Actualmente, no centro impártense as seguintes ensinanzas.

ENSINANZAS	Educación Secundaria Obrigatoria			Primeiro	
				Segundo	
				Terceiro	
				Cuarto	
	Educación non Obrigatoria	Bacharelato	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.	Primeiro e segundo
			Modalidade de Ciencias		
		Formación Profesional	Formación Profesional Básica “ <i>Informática de oficina</i> ” (Familia “ <i>Informática e Comunicacions</i> ”)		Primeiro e segundo
			Ciclo Formativo de Grao Medio “ <i>Sistemas Microinformáticos e de Redes</i> ”		Primeiro e segundo

d)- Características singulares.

O centro leva organizase dende o curso 2012/2013 con “Aulas Materias”, o que permitiu entre outras cousas a implantación das Bibliotecas de Aula. A avaliación positiva realizada dende entón animámonos a continuar coa súa implantación e a mellorar este xeito de organizarnos.

Sen embargo, dende o curso 2020/2021, con motivo do Protocolo COVID-19 e a normativa establecida ó respecto, a organización do centro en función da aula materia, entre outras medidas novedosas adoptadas, deixouse en suspenso ata que unha situación de normalidade permita a súa restitución.

O IES de Monterroso leva dende o ano 2009 no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

En xuño de 2010 participamos no concurso a nivel nacional “ Boas Prácticas na Biblioteca Escolar” onde acadamos un segundo premio na modalidade de Ensino Secundario.

Funciona unha “Biblioteca Familiar” que achega títulos relacionados coa educación e a aprendizaxe ás nais e pais do noso alumnado. Este curso funcionaron catro clubs de lectura, dos de rapaces e un de pais/nais, onde o profesorado, os pais/nais e xente do pobo nos mesturamos para desfrutar da lectura. Na sala do profesorado hai unha biblioteca activa onde o profesorado intercambia e presta os seus títulos preferidos.

Participamos no Plan Abalar.

O centro ten unha sección bilingüe en matemáticas na ESO.

Traballamos co programa para a prevención do acoso escolar “Titoría entre iguais” e neste curso iniciamos o programa “Educación Responsable” un programa formativo en intelixencia emocional para alumnado e profesorado que combinamos cos outros programas nos que intervimos.

No noso centro funciona un equipo de alumnado mediador que participa nos “Encontros anuais do Alumnado Mediador” organizados en Galicia dentro do programa “Vivir xuntos, convivir”.

Dentro dos “Contrato programa” organizamos diversas actuacións: o programa PROA de atención ao alumnado fora do horario escolar; os “Encontros coas familias” nos que organizamos charlas e obradoiros co fin de achegarnos ás familias e reflexionar xuntos sobre a educación dos adolescentes. facer un intercambio construír e enriquecer a comunidade educativa; distintos obradoiros de relaxación, técnicas de estudo, encontros con persoeiros galegos, etc...

As actividades propostas serán reflectidas na páxina do centro:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesmonterroso/>

1.2- Características do alumnado.

Este centro é o único da vila polo que todo o alumnado escolarízase nel.

Os fillos de funcionarios do centro de penitenciaría chegan de todas as rexións ata aquí. Tamén obsérvase un fluxo de emigrantes retornados procedentes do País Vasco e Cataluña. O mesmo tempo, cada ano estase a producir un incremento de inmigrantes procedentes de Portugal e Sudamérica.

Outra institución que aporta alumnado a este centro é a “Casa de Acollida” de menores que atende a menores en situación de desprotección e leva funcionando dende fai moitos anos.

Todas estas familias envían os seus nenos ao único instituto do pobo, o IES de MONTERROSO, o que contribúe á singularidade e riqueza cultural do noso alumnado.

Achéganse, tamén, ao noso centro educativo, rapaces de concellos fronteirizos, Taboada e Portomarín.

Lingua materna dominante. O alumnado escolarizado no centro é maioritariamente galego falante.

Alumnado con NEAE no curso actual.

Un dos aspectos máis salientables é a diversidade inherente as características individuais de cada alumno e alumna. Esta diversidade maniféstase nas diferentes formas de pensar e proceder máis ou menos indutivas, dedutivas, creativas, críticas...É facilmente contrastable a diferenza no dominio dos coñecementos previos que facilitan a adquisición de aprendizaxes de niveis superiores. Tamén son diversos, entre o alumnado, os contidos de estudo, os métodos de traballo e os niveis de interese e motivación, situación que se fai máis evidente co paso do tempo. Igualmente, son diferentes na capacidade de centrarse no traballo e na cantidade e calidade dos contidos de aprendizaxe.

No centro tamén se escolariza alumnado procedente de minorías étnicas e culturais.

Ademais, das características diferenzas inherentes á totalidade do noso alumnado, podemos sinalar a escolarización no centro de alumnado con Necesidades Educativas Específicas de Apoio Educativo. Dentro desta categoría no curso actual está escolarizado o seguinte alumnado:

- ✓ **Alumnado con necesidades educativas especiais, asociadas a alteracións do comportamento por presentar TDAH.**

- ✓ **Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de condicións persoais ou historia escolar asociadas con:**
 - **Pertenza a minorías étnicas, situación sociocultural desfavorable e atraso escolar. .**
 - **Situación sociocultural desfavorable e medidas de protección e tutela.**
 - **Situación sociocultural desfavorable grave.**
 - **Alumno con sospeitas de acoso escolar.**
 - **Problemas de saúde.**
 - **Alumna con antecedentes de longa hospitalización.**

Os problemas sociais detectados son: abandono escolar, absentismo, familias desestruturadas, alumnado de integración tardía. De xeito puntual obsérvanse casos de acoso escolar. Aparte da labor docente, consideramos moi importante a influencia que os docentes exercemos como modelo e guía, nesta etapa tan complexa que é a adolescencia, xa que isto posibilita que as perspectivas do alumnado se amplíen e enriquezan.

2- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE [INDICE](#)

Segundo o establecido na Orden ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

Nesa mesma orde establécense que todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias clave do alumnado. Estas competencias do currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística.
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- c) Competencia dixital.
- d) Aprender a aprender.
- e) Competencias sociais e cívicas.
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- g) Conciencia e expresións culturais

A materia de Valores Éticos contribuirá fundamentalmente ó desenvolvemento das competencias na Educación Secundaria Obrigatoria do seguinte xeito:

Comunicación lingüística

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura e a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares- Deste xeito, desenvolverase a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores e as teorías éticas, a moral, a xustiza, os dereitos humanos e a vida en sociedade.

A reflexión ética require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. A presentación de dilemas éticos e o debate das súas posibles solucións contribúen ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, porque esixe poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal e outros sistemas de representación.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos debullar o eixe no que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar

argumentacións propias ou baseadas en teorías éticas e filosóficas. Ademais, permite considerar e realizar xuízos morais ou aplicar estratexias de resolución de problemas.

Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH).

É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter.

Competencia dixital

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos, de teorías éticas e científicas, e de tratados internacionais, que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía, os valores éticos e a sociedade, para que aprenda a facer un bo uso da tecnoloxía ao longo da súa vida.

O uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC utilizaranse no desenvolvemento ordinario das clases, na busca de información por parte do alumnado e na elaboración de producións escritas.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Competencias sociais e cívicas

Poucas materias na Educación Secundaria teñen como obxectivo e fundamento contribuír a acadar competencias sociais e cívicas porque na súa propia constitución como materia así se configure. A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado.

As habilidades sociais e de colaboración increméntanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o

alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderazgo, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área considéranse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie accións novas, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais e persoais que ten ao seu alcance.

Conciencia e expresións culturais

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

Por outro lado, os Valores Éticos na Secundaria contribúe a desenvolver as competencias relativas ao pensamento crítico e a resolución de problemas desde o momento en que incide na necesidade de analizar, suscitar, argumentar e dar solucións fundamentadas aos problemas éticos, sendo precisamente este o eixe sobre o que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético.

Así mesmo, contribuírase á transmisión de valores a través de, por un lado, a reflexión individual e grupal sobre situacións pasadas e actuais, e por outro, mediante a busca de información, a elaboración e a exposición de traballos en colaboración, que esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal e outros sistemas de representación

Para concretar algo máis a contribución ó desenvolvemento das competencias clave, no apartado nº 5 establécense que competencia clave se traballará para cada un dos estándares de aprendizaxe. Para iso na táboa utilizaranse as seguintes abreviaturas:

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

3- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS [INDICE](#)

No marco da , a educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiren os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles/as hábitos de estudo e de traballo; prepararlos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

Tendo en conta iso, a materia de Valores Éticos contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas unha serie de capacidades que lles permitan a consecución dun conxunto de obxectivos que teñen como finalidade orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que, nunha dimensión racional, se promovan virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Na dimensión práctica se requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e coa finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

Por todo iso e considerando os obxectivos xerais de etapa, a materia de Valores Éticos terá, para este curso, os seguintes obxectivos:

- a. Argumentar os valores e os principios éticos da DUDH como base das democracias dos séculos XX e XXI.
- b. Sinalar a importancia da participación cidadá nos aspectos políticos do Estado para asegurar unha democracia que defenda os dereitos humanos.
- c. Resaltar o deber ético e cívico dos cidadáns para asumir a democracia como unha forma de vida, sendo conscientes dos riscos aos que está sometida para poder tomar as medidas oportunas.
- d. Apreciar o valor do «Estado de dereito» e da «división de poderes» como eixes vertebradores do Estado democrático.
- e. Recoñecer e respectar os fundamentos da Constitución española de 1978, resaltando os valores nos que se asenta e os deberes e os dereitos que ten o individuo para asumir os principios de convivencia recoñecidos polo Estado español.
- f. Realizar unha lectura comprensiva dalgúns artigos da Constitución española relativos aos dereitos e aos deberes cidadáns e aos seus principios reitores.
- g. Valorar a adecuación dos dereitos e dos deberes da Constitución española á Declaración Universal dos Dereitos Humanos para asumir de forma consciente e responsable os principios de convivencia que deben rexer no Estado español.
- h. Identificar os principios fundamentais da política social e económica do Estado español, e a súa fundamentación ética.

- i. Comprender os aspectos principais da UE para valorar a súa utilidade e as cousas que se están a conseguir.
- j. Describir as consecuencias derivadas da xustificación das normas xurídicas, a través da reflexión sobre diversas teorías, para poder opinar de forma razoada sobre a base ética das leis.
- k. Adquirir unha opinión coherente sobre a fundamentación ética das leis.
- l. Coñecer como se creou a ONU e o momento histórico que impulsou a elaboración da DUDH, destacando o seu valor como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos Estados.
- m. Entender o contexto histórico e político no que se elaborou a DUDH e recoñecer tanto a súa estrutura e o seu contido como os retos actuais que supoñen a súa aplicación.
- n. Entender e valorar o contido da DUDH, facendo especial fincapé no respecto á dignidade humana como base de todos os dereitos humanos.
- o. Valorar as características dos «dereitos humanos», considerando o seu desenvolvemento histórico como unha conquista da humanidade.
- p. Analizar os problemas aos que se enfrenta a aplicación da DUDH na actualidade, resaltando as iniciativas que realizan institucións e ONG para defender os dereitos humanos dos que non teñen a oportunidade de exercelos.
- q. Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.
- r. Utilizar os valores éticos da DUDH como criterio para establecer límites éticos e xurídicos á actividade científica e tecnolóxica, evitando así unha aplicación indebida e facilitando a resolución dos dilemas morais que adoitan presentarse nos campos da medicina e da biotecnoloxía.
- s. Tomar conciencia da falta de neutralidade de certas investigacións científicas actuais, cuxos obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH, en prol dun falso progreso e prexudicando as persoas ou o ambiente.
- t. Identificar pautas e investigacións científicas que non respectan o código ético fundamentado na DUDH.
- u. Coñecer que é a tecnociencia e avaliar o seu impacto negativo no ambiente.
- v. Entender os problemas que a dependencia da tecnoloxía lle provoca ao ser humano.

4. 1. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS [INDICE](#)

1º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación	
	Tema / U.D.	Obxectivos	Bloque e Contido		Mes	Sesións		
1ª Avaliación	1	B1	BLOQUE 1: A DIGNIDADE DA PERSOA		Setembro	1		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. O concepto problemático de persoa. Significado etimolóxico. ▪ B1.2. Características da persoa: independencia, racionalidade e liberdade. ▪ B1.3. Dignidade da persoa: a persoa como ser moral. 					
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no/na adolescente. ▪ B1.5. Desenvolvemento da autonomía persoal na adolescencia. Control da conduta e escolla de valores éticos. 					
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ g ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Personalidade: factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno ambiental que inflúen na súa construción. Capacidade de autodeterminación no ser humano. 					
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. A razón e a liberdade na estruturación da personalidade e na escolla dos valores éticos que a conformarán. 		Outubro	1		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. A intelixencia emocional e o seu papel no desenvolvemento moral da persoa. ▪ B1.9. Emocións, sentimentos e vida moral. ▪ B1.10. Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional. 		Novembro	2		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Habilidades emocionais segundo Goleman. ▪ B1.12. Habilidades emocionais e virtudes éticas. ▪ B1.13. Introspección: autoconñecemento, autocontrol e autonomía. 		Novembro	2		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.14. Construción da identidade propia consonte valores éticos. ▪ B1.15. Persoa como proxecto vital. 		Decembro	1		
		B2	BLOQUE 2: A COMPRESIÓN, O RESPECTO E A IGUALDADE NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS					

	3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. A natureza social do ser humano. ▪ B2.2. Relación dialéctica entre individuo e sociedade. ▪ B2.3. Os valores éticos como guías das relación interpersoais na sociedade. 		Decembro	2	
--	---	--	---	--	----------	---	--

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación	
	Tema / U.D.	Obxectivos			Mes	Sesións		
2ª Avaliación	4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Proceso de socialización: interiorización de valores e normas morais. ▪ B2.5. Valores inculcados polos axentes sociais na configuración da personalidade. ▪ B2.6. Necesidade da crítica racional para alcanzar valores éticos universais, exemplificados na DUDH e baseados na dignidade humana. 		Xaneiro	2		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Diferenza entre a vida privada (regulada pola ética) e a vida pública (regulada polo dereito). Límites da liberdade nos dous ámbitos. 		Xaneiro	1		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Habilidades emocionais de Goleman e valores éticos que atinxen ás relación humanas. 		Febreiro	2		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Asertividade fronte a agresividade e a inhibición. ▪ B2.10. Asertividade e respecto á dignidade das outras persoas. ▪ B2.11. Asertividade e outras habilidades sociais. 		Febreiro	2		
	5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Valores e virtudes éticas nas relación interpersoais. ▪ B2.13. Deber moral e cívico do auxilio. 		Marzo	1		
		B3	BLOQUE 3: A REFLEXIÓN ÉTICA					
	6	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Diferenzas entre ética e moral. Importancia da reflexión ética. 		Marzo	2		
	7	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Conduta instintiva animal e o comportamento racional, libre e moral do ser humano. 		Marzo	2		

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación	
	Tema / Unidade	Objetivos			Mes	Sesións		
3ª Avaliación	8	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Liberdade e concepto de persoa. ▪ B3.4. Influencia na liberdade da intelixencia e da vontade. ▪ B3.5. Factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación. 		Abril	1		
	9	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Valores. O seu papel na vida individual e colectiva. ▪ B3.7. Clases de valores. ▪ B3.8. Xerarquías de valores. 		Abril	1		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Carácter distintivo dos valores éticos. 		Abril	1		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Valores e normas éticas, e os seus efectos beneficiosos para a persoa e para a comunidade. 		Maio	1		
		B5	BLOQUE 5: OS VALORES ÉTICOS, O DEREITO, A DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS (DUDH) E OUTROS TRATADOS INTERNACIONAIS SOBRE DEREITOS HUMANOS					
	10	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos. 		Maio	1		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero. ▪ B5.3. Dereitos da infancia. 		Maio / Xuño	2		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Organizacións que traballan polos dereitos humanos: institucións internacionais e ONG. 		Xuño	1		

2º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Obxectivos	Bloque e Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliación		B1	BLOQUE 1: A DIGNIDADE DA PERSOA				
	1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía. 		Setembro	1	
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma. 		Outubro	4	
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas. 		Novembro	4	
		B2	BLOQUE 2: A COMPRESIÓN, O RESPECTO E A IGUALDADE NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS				
2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Diferenzas entre ética e dereito. ▪ B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública. 		Nov-Decem	4		

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Obxectivos			Mes	Sesións	
		B3	BLOQUE 3: A REFLEXIÓN ÉTICA				
2ª Avaliación	3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Diferenza entre ética e moral. ▪ B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta. 		Xaneiro	1	
	4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Estrutura moral da persoa. ▪ B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Kohlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral. 		Xaneiro	1	

5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa. 		Xaneiro	1		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Características distintivas dos valores éticos. ▪ B3.7. Valores éticos e dignidade humana. 		Xaneiro	1		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas. ▪ B3.9. Relativismo moral dos sofistas. ▪ B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón. ▪ B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral. 		Febreiro	1		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais. ▪ B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins. 		Febreiro	1		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins. ▪ B3.15. O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma. 		Febreiro	1		
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción. 		Marzo	1		
	B4		BLOQUE 4: A XUSTIZA E A POLÍTICA				
	6	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico. ▪ B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos. 		Marzo	2	
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. A política de Aristóteles. ▪ B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade. 		Marzo	1	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación	
	Tema / U.D.	Obxectivos			Mes	Sesións		
		B5	BLOQUE 5: OS VALORES ÉTICOS, O DEREITO, A DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS (DUDH) E OUTROS TRATADOS INTERNACIONAIS SOBRE DEREITOS HUMANOS					
3ª Avaliación	7	<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Relacións entre ética e dereito. 		Abril- Maio	3		
		B6	BLOQUE 6: OS VALORES ÉTICO E A SÚA RELACIÓN COA CIENCIA E A TECNOLOXÍA					
	8	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana. ▪ B6.2. Valores recollidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica. 		Maio	3		
	9	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Problemas da tecnodependencia. 		Maio	2		
	10	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía. 		Xuño	3		

3º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Obxectivos	Bloque e Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliación		B4	BLOQUE 4: A XUSTIZA E A POLÍTICA				
	1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH. ▪ B4.2. O Estado de dereito. ▪ B4.3. Léxico da unidade: democracia, cidadán/cidadá, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc. ▪ B4.4. División de poderes. A proposta de Montesquieu e a súa función de control do Estado por parte da cidadanía. 		Setembro	2	
	2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia. ▪ B4.6. Riscos de democracias que violen os dereitos humanos. 		Outubro	1	
	3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. A Constitución española: valores éticos nos que se fundamenta e conceptos preliminares que establece. 		Outubro	2	
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Dereitos e liberdades públicas fundamentais na Constitución española. 		Out-Nove	2	
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Adecuación da Constitución española aos principios éticos da DUDH. ▪ B4.10. Deberes cidadáns na Constitución española. ▪ B4.11. Responsabilidade fiscal e principios reitores da política social e económica na Constitución española. 		Novembro	2	
	4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ g ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.12. Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar; título primeiro, capítulos I e II. 		Novembro	2	
5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.13. Desenvolvemento histórico da Unión Europea (UE): obxectivos e valores éticos en que se fundamenta, de acordo coa DUDH. ▪ B4.14. Logros alcanzados pola UE en beneficio dos seus cidadáns e das súas cidadás. 		Decembro	2		

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación	
	Tema / U.D.	Obxectivos			Mes	Sesións		
2ª Avaliación		B5	BLOQUE 5: OS VALORES ÉTICOS, O DEREITO, A DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS (DUDH) E OUTROS TRATADOS INTERNACIONAIS SOBRE DEREITOS HUMANOS					
	6	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Relación entre ética e dereito. ▪ B5.2. Relación entre legalidade e lexitimidade. 		Xaneiro	4		
	7	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Xustificación das normas xurídicas. ▪ B5.4. Convencionalismo dos sofistas ▪ B5.5. Iusnaturalismo. Iusnaturalismo de Locke.. 		Febreiro-Marzo	5		
	8	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Elaboración da DUDH e creación da ONU. Circunstancias históricas, obxectivos de ambos os acontecementos e papel da DUDH como código ético de conduta dos estados. 		Marzo-Abril	3		

3ª Avaliación		B6	BLOQUE 6: OS VALORES ÉTICOS E A SÚA RELACIÓN COA CIENCIA E A TECNOLOXÍA					
	9	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito. 		Abril-Maio	2		
	10	<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento. 		Maio	2		
	11	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.10. Problemas aos que se enfrenta o exercicio dos dereitos civís e políticos da DUDH. 		Maio	3		
			B6	BLOQUE 6: OS VALORES ÉTICOS E A SÚA RELACIÓN COA CIENCIA E A TECNOLOXÍA				
	12	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Necesidade de criterios éticos na investigación científica. Progreso científico-técnico e valores éticos. 		Xuño	4		

4º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Obxectivos	Bloque e Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliación		B1	BLOQUE 1: A DIGNIDADE DA PERSOA				
	1	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH. ▪ B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade. ▪ B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. 		Setembro-Outubro	4	
		B2	BLOQUE 2: A COMPRESIÓN, O RESPECTO E A IGUALDADE NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS				
	2	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar. 		Outubro-Novembr	4	
	3	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Fenómeno da socialización global. ▪ B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais. ▪ B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos. 		Nov-Decem	3	

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto	Temporalización		Probas avaliación
	Tema / U.D.	Obxectivos			Mes	Sesións	
		B3	BLOQUE 3: A REFLEXIÓN ÉTICA				
2ª Avaliación	4	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH. ▪ B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc. 		Xaneiro	3	
	5	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía. 		Febreiro	3	

	6	<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Éticas formais e éticas materiais. ▪ B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental. 		Marzo	3		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant. 		Marzo-Abril	2		
		B4	BLOQUE 4: A XUSTIZA E A POLÍTICA					
Para considerar que o alumnado superou a materia deberá obter unha cualificación igual ou superior en cada unha das avaliacións. Ó finalizar o curso realizarase un exame final, ó que terán que presentarse o alumnado que non superase algunha das avaliacións anteriores. Só se examinarán de aquelas que non foran superadas ó longo do curso. Nesa proba avaliarase a consecución dos estándares de aprendizaxe máis importantes e que contribúen con maior peso na cualificación final e ponderaranse en función da dificultade que presentan. A cualificación para considerarse superada a materia será dun cinco (5). Tendo en conta que o alumnado que acude a esa proba está a desenvolver os mesmos contidos que xa se trataron nas avaliacións, e considerando que os estándares que se van a ter en conta para o deseño desa proba son aqueles considerados máis relevantes, a cualificación máxima outorgada será dun seis (6).

Na proba extraordinaria de setembro o alumnado deberá examinarse de toda a materia de Valores Éticos e seguiranse os mesmos criterios de avaliación que para a proba final da avaliación ordinaria. E, polos mesmos motivos, a cualificación no poderá superar unha nota de seis (6)

O alumnado que non respecte o principio de igualdade que debe rexer todas as probas obxecto de avaliación e intente, de calquera xeito, enganar ou perverter o sentido educativo e de valoración da aprendizaxe destas probas, non poderá volver a presentar ningunha outra proba escrita para a súa cualificación na materia. Terá que presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro para ser avaliado nela.

Cada un dos instrumentos terá un peso diferente na cualificación de cada unha de las avaliacións. Así el peso para obter el indicador de logro de cada un dos estándares de aprendizaxe para cada contido será o seguinte:

- ☞ O conxunto de actividades valorarase ata un máximo de 10%
- ☞ O total das observacións valorarase ata un máximo de un 10%
- ☞ As probas escritas obxectivas ou exames, ata un máximo de 80%

Estes instrumentos deberán servir para establecer se os mínimos esixibles na materia foron conseguidos ou non. Os mínimos esixibles na materia de Filosofía de 1º de Bacharelato consistirán en todo o alumnado deberá ser capaz de:

1. Ler comprensivamente e analizar, de forma crítica, textos significativos e breves, pertencentes a pensadores destacados.
2. Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.
3. Seleccionar e sistematizar información obtida de diversas fontes.
4. Analizar e argumentar sobre propostas filosóficas, elaborando de forma individual ou colaboradora esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.
5. Estructurar a información obtida e ofrecida polo profesorado, distinguindo entre ideas principais e secundarias, tese, argumentos e exemplos, conceptos fundamentais e significativos.
6. Producir composicións coherentes, ben estruturadas e con sentido, utilizando contidos e conceptos propios da materia e dos manexados nos estándares de aprendizaxe.

7.2. CRITERIOS SOBRE A PROMOCIÓN

O Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo na educación secundaria obrigatoria e o bacharelato en Galicia, establece no artigo 23 as condicións xerais de promoción e repetición, e deixa a criterio dos centros certa autonomía para regular a excepcionalidade, é dicir establecer as circunstancias ou condicións, **de promoción con 3 materias suspensas e que simultáneamente se dean certas condicións e con 2 materias suspensas Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.**

CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

a) Condicións xerais:

- Cando o alumnado supere todas as materias cursadas.
- Cando o alumnado teña nas materias cursadas, 2 materias avaliadas negativamente que non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.
- O alumnado que promocióne sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo.

b) Condicións excepcionais.

Poderá autorizarse de modo excepcional a promoción do alumnado nas seguintes situacións:	
<p>Decreto 86/2015 artigo 23.2. Alumnado con avaliación negativa en 3 materias cando se dean simultaneamente as seguintes condicións:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas, ▪ Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non impide ao alumno ou alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica, ▪ Que se apliquen ao alumno as medidas de atención educativa propostas no consello orientador. 	<p>Aprobado en CCP e Claustro, excepcións:</p> <p>Por causa de forza maior xustificada pola que non poda acudir aos exames de setembro.</p> <p>Posibilidade de continuidade de estudos ou de evolucionar positivamente nos casos de :</p> <p>Períodos prolongados de hospitalización</p> <p>Operación cirúrxica</p> <p>Falecemento familiares 1º grao</p> <p>Excepcionalidade para promoción ou titulación, alumnado de orixe estranxeiro con Linguas suspensas.</p> <p>As anteriores excepcionalidades teranse en conta sempre e cando a suma das notas das materias pendentes/suspensas non sexa inferior a:</p> <p>2 materias...7</p> <p>3 materias...10</p> <p>Non cabe excepcionalidade cando se de calquera destas circunstancias:</p> <p>as materias suspensas son catro.</p> <p>Observe abandono manifesto nalgunha das materias suspensas.</p>
<p>Decreto 86/2015 artigo 23.2. Alumnado con avaliación negativa en 2 materias cando son simultaneamente Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.</p> <p>“cando o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica, e sempre que se apliquen ao alumno ou alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador”.</p>	<p>As anteriores excepcionalidades teranse en conta sempre e cando a suma das notas das materias pendentes/suspensas non sexa inferior a:</p> <p>2 materias...7</p> <p>3 materias...10</p> <p>Non cabe excepcionalidade cando se de calquera destas circunstancias:</p> <p>as materias suspensas son catro.</p> <p>Observe abandono manifesto nalgunha das materias suspensas.</p>

□ **CRITERIOS DE REPETICIÓN.**

a) Condicións xerais:

En relación aos cursos.

- Quen non promocioe deberá permanecer un ano máis no mesmo curso.
- Pódese repetir o mesmo curso unha soa vez.
- Pódese repetir dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en 3º ou 4º, prolongarase un ano o límite de idade (ata os 19 anos cumpridos no ano no que finalice o curso).
- Excepcionalmente, poderase repetir unha segunda vez en 4º curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.
- En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.
- A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades do alumno.

En relación ao número de materias.

- Alumnado con avaliación negativa en 3 ou máis materias.
- Alumnado con avaliación negativa en 2 materias que sexan Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.
- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO consideraranse como materias distintas.

ANEXOS.

En relación coa 2ª repetición de 3º ou 4º de ESO

Situación	Decisión	Observacións
Alumnado de 1º ESO. Repite un 1 curso en primaria + 1º de ESO, promociona a 2º de ESO (logra promocionar), cursa 3º de ESO (repite 3º ESO)	2ª repetición en 3º de ESO si logra promocionar a 4º ESO, prolongase un ano o límite de idade. (19 anos)	Repetiu 2 veces o longo da etapa, a 2ª repetición é de 3º de ESO.
Alumnado de 3º de ESO. Repite 1 curso en primaria + repetición en 3º ESO (logra promocionar a 4º ESO), repite 4º ESO (2ª repetición)	2ª repetición en 4º de ESO, prolongase un ano o límite de idade (19 anos).	Repetiu 2 veces o longo da etapa, a 2ª repetición é de 4º de ESO
Alumnado de 4º de ESO. Repite 1 curso en primaria + repite 2 veces en 4º de ESO.	2ª repetición en 4º de ESO	Repite 2 veces en 4º de ESO porque non repetiu ningún curso antes en secundaria.
Alumno de 2º de ESO con ACS. Repetiu en 1 curso en primaria +repetiu 1º de ESO +estás repetindo 2º ESO (ACS). Promoción obrigada a 3º de ESO.		Xa repetiu 2 veces na ESO, non pode volver repetir.
Alumno de 2º de ESO con ACS. Repetiu 1 curso en primaria+repetiu 1º de ESO, promocionou a 2º de ESO e logra promocionar a 3º de ESO e repite 3º de ESO.	2ª repetición en 3º de ESO, prolongase un ano o límite de idade.	Repite 2 veces en secundaria, a segunda repetición en 3º de ESO.

En relación coa promoción en 1º ESO.

Situación	Decisión de promoción /repetición	Observacións
Suspende LC e Bioloxía	Promociona	Suspende 2
Suspende LG e Inglés	Promociona	Suspende 2
Suspende LC e LG	Promociona	Suspende 2

Suspende LG e Matemáticas	Repite	Agás, motivo de excepcionalidade.
Suspende Matemáticas, Bioloxía, CCSS	Repite	Agás, motivo de excepcionalidade (3 materias distintas de LCL con Mat. E LGL con Matem)
Suspende Matemáticas, Bioloxía, Oratoria	Promociona	Suspende 2 (oratoria e de Libre Configuración Autonomía que non conta)
Suspende LGL, LCL, CCSS, Oratoria	Repite	Agás motivo de excepcionalidade, a efectos de promoción ten 3 materias
LGL, Xadrez, CCSS	Promociona	Ten 2 o Xadrez e materia de Libre configuración Autonomía, a efectos de promoción ten 2.

No caso de repetir curso promociona independentemente do número de materias suspensas e do tipo de materias .

En relación con alumnado de 2º de ESO con pendentes de 1º de ESO (LOE curso 2014/2015).

Situación	Decisión de promoción / repetición	Observacións
Suspende Matemáticas de 2º de ESO e ten pendente CCNN (LOE) de 1º ESO	Promociona	Ten dúas materias, a efectos de promoción contan as suspensas dos cursos anteriores.
Suspensas Lingua Castelá e Literatura (1º ESO LOE), Ciencias da Natureza (2º ESO), Matemáticas (2º ESO)	Non promociona	Ten 3 materias suspensas e ademais 2 das materias suspensas son LCL e Matemáticas.
Suspende Lingua Galega e Literatura (1º ESO LOE) Matemáticas de 2º ESO	Non promociona	Ten 2 materias suspensas que son LGL e Matemáticas.
Suspende Francés de (1º ESO LOE) e Matemáticas (2º ESO)	promociona	Ten 2 materias suspensas que son Francés e Matemáticas.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE [INDICE](#)

Os indicadores de logro para os estándares establecidos na táboa do punto 4.2. e coa escala que figura no punto anterior (7.1) : **excelente, avanzado, satisfactorio, básico e moi básico ou escaso**. Para concretalos utilizaranse as rúbricas para as actividades sinaladas como instrumentos de avaliación no punto anterior.

RÚBRICA PARA AVALIAR A RESOLUCIÓN INDIVIDUAL DE EXERCICIOS:

	EXCELENTE	AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	MOI BÁSICO / ESCASO
NÚMERO DE EXERCICIOS RESOLTOS	Realiza o 90 % dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 90 e o 80% dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 80 e o 70% dos exercicios que se propoñen.	Realiza entre o 70 e o 60% dos exercicios que se propoñen.	Realiza menos do 60% dos exercicios que se propoñen.
PROCEDEMENTO E RESULTADOS DOS EXERCICIOS RESOLTOS	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao organizadamente e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, preséntao pouco organizado e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento, detállao, non o organiza e obtén o resultado correcto.	Desenvolve o procedemento e obtén o resultado correcto.	Non desenvolve o procedemento e non obtén o resultado correcto.

RÚBRICA PARA AVALIAR ACTIVIDADES DE RAZOAMENTO E ARGUMENTACIÓN.

	EXCELENTE	AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	MOI BÁSICO / ESCASO
VOCABULARIO E CONCEPTOS	Utiliza un vocabulario e conceptos adecuados e a exposición é coherente coas ideas formuladas.	O vocabulario e os conceptos son adecuados e a exposición é clara na presentación das ideas formuladas.	Fáltalle vocabulario e/ou conceptos e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	Ten un vocabulario e uns conceptos moi básicos e problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.

ARGUMENTACIÓN	Todas as ideas expostas están ben argumentadas.	Unha das ideas non está ben argumentada.	Dúas das ideas non están ben argumentadas.	Máis de tres ideas non están ben argumentadas.	Ningunha idea está ben argumentada.
DOMINIO DO TEMA	Mostra coñecemento profundo e dominio total do tema e dos conceptos.	Mostra coñecemento e dominio do tema. Utiliza conceptos axeitados	O coñecemento e o dominio do tema é regular. Os conceptos son poucos ou pouco axeitados	O coñecemento e o dominio do tema é malo. Falta conceptualización	Non mostra coñecemento, conceptualización nin dominio do tema.
REFERENCIAS AUTORES	Cita máis de tres referencias relevantes durante a súa participación.	Cita tres referencias relevantes durante a súa participación.	Cita dúas referencias durante a súa participación e só unha foi relevante.	Cita só unha referencia durante a súa participación e non foi relevante.	Non cita referencias durante a súa participación.

RÚBRICA PARA AVALIAR EXERCICIOS ESCRITOS E COMENTARIOS DE TEXTO.

	EXCELENTE	AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	MOI BÁSICO / ESCASO
CONTIDO	Trata o contido que se pediu e relaciona con contidos teóricos traballados.	Nalgúns parágrafos non se tratan contidos nin o tema que se pediu.	Un 60% do texto non ten relación co contido que se traballa ou co tema.	Algúns parágrafos fan alusión ao tema que se trata e ós contidos traballados.	Só se menciona o tema, pero non se desenvolve nin se relaciona con outros temas.
COHERENCIA DE IDEAS	Presenta ideas coherentes, ben expresadas e sen erros. Relaciona as ideas e os conceptos axeitadamente	Presenta ideas ben expresadas pero con algún erro de expresión ou de contido. Relaciona algunha idea e algún concepto.	Presenta ideas que son expresadas dun xeito pouco claro ou cunha estrutura pouco coherente e pouca relación dos conceptos.	Presenta ideas sen estrutura e sen moita coherencia nin relación entre conceptos.	Presenta algunha idea pero sen estrutura e con pouca coherencia e sen relación. Non utiliza conceptos axeitados
CLARIDADE DE EXPOSICIÓN DAS IDEAS	As ideas están ben estruturadas en parágrafos claramente definidos e acordes coas ideas máis importantes do texto.	A estrutura dos parágrafos está acorde coas ideas do texto.	A estrutura dos parágrafos é sinxela, pero correcta, acorde coas ideas do texto.	A estrutura está pouco definida.	O texto non ten estrutura lóxica nos seus parágrafos, ou non se fai separación de ideas. É un só parágrafo sen estrutura.

REDACCIÓN	O traballo está ben estruturado e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 80% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% e cumpre na súa totalidade coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo está ben estruturado nun 50% pero non cumpre coa estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión.	O traballo non está estruturado e ten introdución, desenvolvemento e conclusión.
ORTOGRAFÍA	O texto non presenta erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten menos de 3 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 4 e 6 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten entre 6 e 10 erros ortográficos (puntuación, acentuación e gramática).	O texto ten máis de 10 erros ortográficos.
PRESENTACIÓN E LIMPEZA	O traballo está presentado con pulcritude e limpeza.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten un risco.	O traballo está presentado con pulcritude pero ten dous ou tres riscos.	O traballo ten dobreces e máis de tres riscos.	O traballo está presentado con un gran número de dobreces e riscos.
EXTENSIÓN	O exercicio escrito adáptase á extensión esixida.	O exercicio escrito presenta media páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta unha páxina máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta dúas páxinas máis da extensión esixida.	O exercicio escrito presenta máis de dúas páxinas da extensión esixida.

RÚBRICA PARA AVALIAR A EXPOSICIÓN ORAL E TRABALLOS ORAIS.

	EXCELENTE	AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	MOI BÁSICO / ESCASO
EXPRESIÓN ORAL	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente.	O vocabulario é adecuado e a exposición é clara.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.

INCLUSIÓN DOS ASPECTOS RELEVANTES	Expón claramente o traballo e achega referencias aos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non o relaciona cos coñecementos traballados.	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados.	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización.
RECURSOS DIDÁCTICOS	A exposición acompáñase con soportes audiovisuais en diversos formatos, especialmente atractivos e de moita calidade.	Soporte visual adecuado e interesante na súa xusta medida.	Soporte visual adecuado.	Soporte visual non adecuado.	Sen soporte visual.
EXPLICACIÓN DO PLAN DE TRABALLO	Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde na que o realizou.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse un pouco coa orde.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse na orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas.	Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade.	Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso de forma guiada.
EXPRESIVIDADE	As súas expresividade e entusiasmo e a súa linguaxe corporal xeran un forte interese sobre o tema.	Expresividade, entusiasmo e linguaxe corporal xeran en ocasións interese, aínda que algunhas veces se perde e non presenta toda a información.	Expresividade, entusiasmo e linguaxe corporal xeran algunhas ocasións interese, aínda que moitas veces se perde e non presenta toda a información.	Mostrase unha actitude pasiva e non xera moito interese, pero algunhas veces, cando fala de algo que lle gusta moito, é capaz de mostrar algo de entusiasmo.	Actitude pasiva e desinteresada. Non xera interese na forma de falar.
TEMPO	O alumno utilizou o tempo adecuado e cerrou correctamente a presentación.	O alumno utilizou un tempo axustado, pero cun final precipitado ou longo por falta de control do tempo.	O alumno utilizou o tempo adecuado, pero faltoulle cerrar a súa presentación; ou ben non utilizou o tempo adecuado, pero incluíu todos os puntos da súa presentación.	Excesivamente longo ou insuficiente para poder desenvolver o tema correctamente.	O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíu do tema.
VOLUME DE VOZ	O seu volume de voz é adecuado, suficientemente alto como para ser escoitado desde todas as partes da aula, sen ter que berrar.	O seu volume de voz é adecuado e alto para ser escoitado por todos, aínda que, ás veces, cando dubida, baixa o volume.	Non é escoitado por toda a aula cando fala en voz alta, agás se sente moi seguro e aumenta o seu volume de voz por uns segundos.	O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos na aula.	O seu volume de voz é moi baixo como para ser escoitado por todos na aula.

RÚBRICA PARA AVALIAR COMENTARIOS DE TEXTO

	EXCELENTE	AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	MOI BÁSICO / ESCASO
CLARIDADE DE EXPOSICIÓN DAS IDEAS	As ideas están ben estruturadas en parágrafos claramente definidos e acordes coas ideas máis importantes do texto.	A estrutura dos parágrafos está acorde coas ideas do texto.	A estrutura dos parágrafos é sinxela, pero correcta, acorde coas ideas do texto.	A estrutura está pouco definida.	O texto non ten estrutura lóxica nos seus parágrafos ou simplemente non se fai separación de ideas mediante parágrafos, é un só parágrafo sen estrutura.
CRÍTICA	Analiza todas as ideas que expón o autor, establece comparacións con outros autores e textos, e proporciona a súa opinión acerca do tema, fundamentada no coñecemento deste e documentada con outras lecturas.	Analiza todas as ideas que expón o autor, establece comparacións con outros autores e textos, e proporciona a súa opinión acerca do tema, pero non está ben fundamentada no coñecemento deste nin documentada con outras lecturas.	Identifica as ideas do autor, analizaas e desenvólveas pero sen comentarios.	Identifica as ideas do autor, pero non as analiza e non as comprende con claridade.	Non identifica as ideas do autor e mostra confusión de ideas.
FONTE	A fonte está citada correctamente.	A fonte está citada, pero falta un dato.	A fonte está citada, pero faltan algúns datos.	A fonte está citada, pero de xeito incorrecto: inclúe datos que non corresponden e omite outros que si son importantes segundo o establecen as metodoloxías.	A fonte non está citada ou está mal citada, de tal forma que é imposible acceder a ela coa información proporcionada.

GRAMÁTICA ORTOGRAFÍA	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.	Existen máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.
EXTENSIÓN	A extensión do texto é a adecuada, pois presenta a totalidade de ideas importantes do contido lido, ademais dunha reflexión do alumno.	A extensión do texto é adecuada, pois presenta case a totalidade de ideas importantes do contido.	A extensión do texto é pouco adecuada, pois é lixeiramente curto ou lixeiramente extenso.	A extensión do texto é inadecuada, pois non trata a totalidade das ideas do contido ou ben é máis extenso do conveniente.	A extensión do texto é completamente inadecuada: é demasiado breve ou demasiado extenso.

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DUN EXAME

	EXCELENTE	AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	MOI BÁSICO / ESCASO
PRECISIÓN NAS RESPOSTAS	Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas non desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.
VOCABULARIO E CONCEPTOS	Utiliza un vocabulario e conceptos adecuados e a exposición é coherente coas ideas formuladas.	O vocabulario e os conceptos son adecuados e a exposición é clara na presentación das ideas formuladas.	Fáltalle vocabulario e/ou conceptos e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	Ten un vocabulario e uns conceptos moi básicos e problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.
DOMINIO DO TEMA	Mostra coñecemento profundo e dominio total do tema e dos conceptos.	Mostra coñecemento e dominio do tema. Utiliza conceptos axeitados	O coñecemento e o dominio do tema é regular. Os conceptos son poucos ou pouco axeitados	O coñecemento e o dominio do tema é malo. Falta conceptualización	Non mostra coñecemento, conceptualización nin dominio do tema.

NÚMERO DE PREGUNTAS RESPONDIDAS	Todas as preguntas están respondidas.	Respondeu polo menos o 90% das preguntas.	Respondeu polo menos o 80% das preguntas.	Respondeu polo menos o 70% das preguntas.	Respondeu menos do 70% das preguntas.	
GRAMÁTICA ORTOGRAFÍA	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Hai dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha dificultade para entenderse.	Hai tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto enténdese con dificultade.	Hai máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto non se entende.	
PRESENTACIÓN	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude.	

9. ORGANIZACIÓN ACTIVIDADES , SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES [INDICE](#)

Neste curso académico non hai alumando con esta materia pendente.

10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTO PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS [INDICE](#)

Unicamente realizarase unha proba de avaliación inicial, se así o determina a CCP do centro, e, en colaboración co Departamento de Orientación, procederase a establecer a organización e realización da mesma.

11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR [INDICE](#)

A avaliación inicial realizarase en todos os grupos do centro educativo nas datas que se establezan por parte da CCP do centro.

O obxectivo desta avaliación inicial será dobre:

- a) Por unha parte establecer o nivel de coñecementos previos do alumnado individual e como grupo de calse.
- b) Por outra, a detección de problemas de aprendizaxe ou de competencias básicas do alumnado.

As actividades de **establecemento de coñecementos previos** serán:

- ☞ Actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesorado, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- ☞ Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- ☞ Introducción de cada aspecto teórico aténdose ao seu contexto e á súa importancia para temas actuais e cotiáns, sempre que iso sexa posible.
- ☞ Actividade de definición de conceptos clave por parte do alumnado para reforzar a expresión e a organización e estruturación mental de información.
- ☞ Responder a unha serie de cuestións elaboradas en relación con un texto seleccionado para establecer o grao de comprensión sobre o mesmo.

Os resultados obtidos serán postos en común na sesión de avaliación inicial que se realizará nas datas establecidas pola xefatura de estudos, e aprobadas pola CCP, do centro.

Nesa mesma sesión adoptaranse as decisións consensuadas que se adoptaran para atender as necesidade individuais ou grupais encamiñadas a resolver os problemas de aprendizaxe detectados.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE [INDICE](#)

Un dos principios básicos que ha ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumno e alumna a axuda pedagóxica que necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Xorde diso a necesidade de atender esta diversidade.

No Bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses adoitan estar bastante definidas, a organización do ensino permite que os propios alumnos e alumnas resolvan esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Non obstante, é conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito constatable: a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que os alumnos e alumnas manifestan.

É preciso, daquela, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos alumnos e alumnas e adoptar as medidas oportunas para afrontar esta diversidade. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan ser reforzados continuamente e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

Dar resposta a esta diversidade non é tarefa doada, pero si necesaria, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que os alumnos e alumnas alcancen os obxectivos propostos.

Como actividades de **detección de coñecementos previos** suxerimos:

- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesorado, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto teórico aténdose ao seu contexto e á súa importancia para temas actuais e cotiáns, sempre que iso sexa posible.

Como actividades **de consolidación** suxerimos:

- Realización de exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos teóricos, culturais e léxicos traballados na unidade.
- Traballo cos textos complementarios de cada unidade para asentir e consolidar os coñecementos adquiridos.

Esta variedade de exercicios cumpre, así mesmo, a finalidade que perseguimos. Coas actividades de recuperación-ampliación, atendemos non só os alumnos e alumnas que presentan problemas no proceso de aprendizaxe, senón tamén aqueles que alcanzaron no tempo previsto os obxectivos propostos.

As distintas formas de agrupamento do alumnado e a súa distribución na aula inflúen, sen dúbida, en todo o proceso. Entendendo o proceso educativo como un desenvolvemento comunicativo, é de grande importancia ter en conta o traballo en grupo, recurso que se aplicará en función das actividades que se vaian realizar —concretamente, por exemplo, nos procesos de análise e comentario de textos—, pois consideramos que a posta en común de conceptos e ideas individuais xera unha dinámica creativa e de interese nos alumnos e alumnas.

Concederáselle, non obstante, grande importancia noutras actividades ao traballo persoal e individual; en concreto, aplicarase nas actividades de síntese/resumo e nas de consolidación, así como nas de recuperación e ampliación.

Teremos que acometer, pois, o tratamento da diversidade no Bacharelato desde dúas vías:

1. A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos en dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, paradigmas, etc.
2. A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos alumnos e alumnas. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación, como dixemos, ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

13. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS [INDICE](#)

O tratamento dos diferentes temas transversais nas respectivas unidades didácticas concréntanse na táboa que figura no punto 4.2.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES [INDICE](#)

Realizaranse as actividades complementarias propostas e aprobadas pola CCP e que figuran na Programación Xeral Anual do centro.

Non se propón ningunha actividade extraescolar para o presente curso.

15. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN [INDICE](#)

A revisión, avaliación e posterior modificación da programación realizarase, tal e como é preceptivo, a través da memoria anual de departamento. No centro educativo utilízase para iso un modelo estandarizado, e aprobado no seu día pola CCP do centro, que inclúe unha reflexión sobre a práctica docente.

Sen perxuízo dese modelo, si que conviría que o profesorado do departamento reflexionase sobre diferentes aspectos da súa práctica docente e sobre o proceso de ensino e aprendizaxe. Para facilitar iso pódense utilizar unha serie de indicadores como os que se propoñen a continuación.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1. Proporciona un plan de traballo ó principio de cada unidade.		
	2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		

	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
	2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		

	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
	8. Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Presenta actividades de grupo e individuais.		

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA-APRENDIZAXE

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSEÑANZA - APRENDIZAXE	1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ó nivel do alumnado.		
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		